Suplemento n.º 1 de

Public SA

NÓS.

BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Adeministrador
ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:
Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:
Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

Doce númaros, na Península	6'00	*pesetas.*
Fora da Península	8'00	»
Númaro solto	0'70	»

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

NOTA

Este boletín non pubricará mais orixinás qu'os que foran direitamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

SUMARIO

CANTIGAS GALEGAS escolleitas por X. Filgueira Valverde

Agasallo de
CALZADOS SENRA
Gran fábrica. A Cruña - Ferrol - Vigo

VERBAS AXEITADAS

N-este perciso momento en que a literatura galega rexurde de xeito maxistral e que o uso do noso idioma increméntase prodixiosamente, faciase necesaria unha autuación como a que con estes fascículos vai á realizar NÓS co-a colaboración literaria do Seminario de Estudos Galegos de Compostela e a proteición, beneficiosa tamén para eles pol-a gran divulgación e baratura que teñen aquí os anuncios, das casas anunciadoras. Era necesario que as produciónS dos prosistas e poetas galegos chegaran a todol-os currunchos da nosa terra mensaxeiras da arela patriótica que hoxe alenta en Galicia de rexurdimento e vigorización da sua cultura autóctona.

Porque non abonda, auque xa non é pouco, que os nosos millores literatos esteñan con alma e vida adicados á esta gran obra cultural. Non é o todo tampouco que as xentes que de por si teñen amor â cultura vivan en contaito co despertar cultural galego. Fai falla que un por un e todol-os galegos xuntos intresense pol-a obra, esteñan ao tanto d'ela e apórtenlle a quentura da sua complacencia.

Para eso vánse a pubricar estes fascículos mensualmente. A prensa galega, ou millor dito a prensa que se pubrica en Galicia xa que non toda meresce a denominación de Galega, era a chamada á realizar esta laboura divulgando, co-a profusión que ten a prensa cotidián, a nosa literatura. Mais nada se pode agardar d'unha prensa que facendo alarde d'unha enorme inconscencia antipatriótica nin siquera cumpre co requisito cortés de acusar recibo dos libros que se lle regalan.

Paresce como si quixera matar en fror o autual renascemento da cultura galega. ¡Vano propósito merescente de censura!

Non importa. Estes fascículos, suprementos de NÓS, van á realizar pol-a sua conta a necesaria obra pubricando todol-os meses un cuaderno para espallar gratuitamente con anacos das obras millores dos nosos pensadores, artistas e literatos e un resume n'esta páxina da autuación cultural galega.

Que atopen xenerosa acollida no púbrico galego e que éste léaos con devoción e intresese polo seu espallamento é a única arela de

OS EDITORES

SUPLEMENTO GRATUITO DE NÓS

FASCÍCULO I | MES DE NOVEMBRO

Cantigas Galegas

ESCOLLEITAS POR

XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

I

CANTIGAS DO POBO

Secan as herbas nos campos
e volven á enverdecer;
así fan amores vellos
cando se volven á ver.

—

O amor que ha de ser meu
ha de tela man lixeira;
ha de coller unha rosa,
sin abalala roseira

—

Prende salgueiriño prende,
preiide na fonte serea,

tamén os meus ollos prenden
nos olliños de unha nena

—

Caravel da horta allea,
caravel que me recendes,
pensaba de te comprare
e sospeito que me vendes

—

Aparta loureiro verde,
deixa crarear â lua;
se non vexo os meus amores,
non vexo cousa ningunha.

—

Terra fría non dá pan,
as rapazas da ribeira
na montaña non se afán.

—

Tarde ves, e non me espanto,
que xa adoitas de tardar;
auga de moitos regueiros
é mala d'arrecadar.

—

Estreliña do luceiro,

a da moita craridade;
vaise o día, vaise a noite,
vaise a nosa mocedade.

—

As estrelas corren corren
todas n'unha carreiriña,
tamén os amores corren
da tua man para miña.

—

Por ben que o loureiro medre,
ô ceo n'ha de chegare,
por ben de amores que teña
a tí non te hei de olvidare.

—

Ti tés o meu corazón,
e si o queres matar, podes;
pero como estás tí dentro,
si o matas, tamén morres.

—

A raís do toxo verde
é mui mala d'arrincar,
os amoriños primeiros
son moi malos d'olvidar.

Hastra a folliña do millo
sabe tamén picardía:
garda do orballo da noite,
para beber pol-o día.

—

A lua vai encuberta
con panos de seda branca,
a lua que á min me alumbra
lévoa no peito gardada.

—

Eu ben vin nacer o sol
por entre as follas do millo,
quen fora ramiño verde
que cobrise o meu mociño.

—

Estreliña do luceiro,
quen ten amores non durme,
senón o sono primeiro.

—

Paxaro que vas voando
e levas fio no pico,
traimo acó, para coser
o meu corazón ferido.

ESTEBO

por Xosé Lesta Meis.

A novela que refrexa a nosa vida aldeán

A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral no día de mañá

No diario aseo dos seus nenos emplee o

Jabón Sales de la Toja

ùnico que âs suas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e prefume d'un xabón de tocador. Contribuie ô perfeito desenrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

1 pta.
Pastilla

JABÓN

La Toja

Unico en el mundo

O "Xabón da Toxa" ademais de ser o mellor é un producto galego que nos honra no mundo enteiro

Namoreime de un espiño
e o vento levoume a fror,
¡malia dos que namoran
cousas que do vento son!

—

Moreniño, moreniño,
moreno como unha amora;
non sei que ten o moreno
que a todo o mundo namora.

—

¡Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga!

—

Arrimeime a un pino novo
por ver si me consolaba;
o pino como era verde
de verme chorar, choraba.

—

O mar anda que desanda,
anda que desaparece:
quen ten amores non durme
quen non os ten adormece.

XXIXXIXXIX

Unha rosa non a queiras,
unha rosa non é nada;
iremos pol-as roseiras
e collerás unha abada.

—

Non te poñas bermelliña,
nin queiras disimulare;
que nos ollos che aloumiña
a ganiña de casaré.

Puxenme a contar estrelas,
a do luceiro deixei
por sela mais feituquiña
contigo ch'a comparei.

—

As estrelas miudiñas
son as que compón o tempo:
Dime, dime, rapaciña,
onde tés o pensamento.

—

A lua como vai alta
moita terra pode vere;
as cousiñas que ela sabe,
¡quen che mas dera sabere!

Adequira a derradeira producción de Noriega Varela

Como falan os brañegos

Agora que me vou ir
as pedriñas chorarán:
chorai pedriñas â noite
que me vou pol-a mañán.

—

Se chove deixa chover,
si orballa, deixa orballar;
que eu ben sei d'un abriguiño
onde m'hei d'ir abrigar.

—

Din que che pican as mans
e pra min son amorosas
tamén pican as roseiras
e de elas saen as rosas.

—

A moza que é caladiña
e non dí mal de ninguén,
canto mais baixiño mira
tantos mais amores ten.

—

Rosiña, miña Rosiña,
miña troita do remanso,
cando te vexo, Rosiña,
cando te vexo, descanso.

XIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIXIX

O galego que non fala - na língua da sua terra. - Non sabe o que ten de seu - nin é merecente d'ela

O raio do sol meniña
na tua cama vai dar;
que moito de que eu te busque
cando o sol vaite buscar.

—

Anque teña mais amores
que d'areas ten o mar,
solo por tí queridiña
todol-os hei de deixar.

—

Miña nai, miña naiciña,
como a miña nai ningunha
que me quentaba a cariña
ô calorciño da sua.

—

Miña nai como é tan probe,
e non teṇ pan que me dar
encheme a cara de bicos
e despois rompe a chorar.

—

Canta tí, cantarei eu,
iremol-os dous cantando;
cante quen tivera amores
que os nosos vánse acabando.

Tríptico Teatral

por Antón Villar Ponte.

Tres vlsións: o caciquismo, a emigración i-as supersticións

Meniña, que leda és,
todal-as herbiñas cheiran
onde tí pousal-os pés.

—

Pol-o mar abaixo vai,
pol-o mar de Redondela,
pol-o mar abaixo vai,
quen o meu corazón leva.

—

Rosa que estás na roseira,
deixate estar fechadiña;
que eu vou pra terras de fora,
cando viñer serás miña.

—

O carabel cando nace
de pequeniño recende,
non hai cousa mais humilde
que o amor cando pretende.

—

Miña nai doume unha tunda
co aro d'unha peneira;
miña nai, teña vergonza
que ven a xente da feira.

A rola vai arrolando,
porque lle levan o niño;
non o puxeras tí, rola,
tan a beira do camiño.

—

—Algún día cantei ben,
hoxe de vella non podo.
—A que canta ben de moza,
sempre lle vai dando modo.

—

Non canto por cantar ben,
nin pol-a gracia que teña;
canto por dar alegría
ô corazón que ten pena.

—

O carballo que é pequeno
tamén ten pequena sombra;
a meniña que é pequena
pequeno dote lle abonda.

—

Tascadoras do meu liño
tascáde ben si podedes;
pol-o que queda no forno,
meniñas, non vos matedes.

xxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxxx

O mais típico da nosa terra refrexado artísticamente

Grabados en Linoleum

por Xaime Prada.

De «Cousas» por Castelao: O ALQUILADOR

O alquilador non ten máis bens que un faco, úuha albarda e unha corte, e ninguén adiviña como pode mantel-o faco. Cando reparo na besta do alquilador, na probe besta de todos, lémbrome d'unha gaivota desplumada.

Aquel animaliño, a pique de dexenerar en burro, trenquelea pol-a veira dos camiños, arrente das silveiras, e quén faga un viaxe, cabaleiro en tal besta ferrada, seguirá dispois a pé o resto da sua vida.

Na probe besta do alquilador asubía o vento.

Cando algún cabalo forasteiro cai de pousada na corte do alquilador o que nada pode dar porque nada ten, pergunta con moito aquel de pousadeiro abastecido:

—¿Qué queres qué che bote, cabalo? ¿Bótoche trebo, alcacén, serradela... ou qué?

O alquilador non é mesmamente un ladrón, pero petisca no alleo.

Unha noite de luar velahí vai o alquilador armado de fouce e de cesta en dereitura do cimeterio. En chegando diante do valado guindou co-a cesta dentro e púxose á gabear po-la parede arriba. N-isto ouvíu qu'a cesta caía no camiño... O alquilador sinteu desexos de botar á correr; pero contívose pol-o amor do faco que agardaba na corte. Armouse de carraxe e collendo a cesta guindouna de novo dentro do cimeterio... Non pasara nadiña de tempo cando ollou que a cesta volvía pol-o aire e caía outra volta no camiño.

Cesta adentro e cesta afora, así a lúa percorreu duas brazadas de ceo.

O alquilador n'un intre de arriscamento trabou a fouce cos dentes e gabeou pol-as pedras arriba disposto á encararse co morto que lle tiraba co-a cesta. Cando se puxo á cabalo do balado os seus ollos toparon co-a cara risoña do seu compadre «Furrica» que tamén apañaba herba no cimeterio porque tamén era alquilador.

E os dous compadres ceibaron unha gargallada.

—Cantan os galos pr'o día:
erguete meu ben e vaite.
—Como me hei d'ir queridiña,
como m'hei d'ir e deixarte?

—

Como chove, miudiño,
como miudiño chove
pol-a banda do Laiño
pol-a banda de Lestrove.

—

Miña Virxe do Xurés,
eu ben a vin ô sol posto,
c'unha rosiña na man,
i-outra na mazán do rostro.

—

Miña nai, cando m'eu morra,
se morrer en Pontevedra
medrarán rosas na cova.

II

CÁNTIGAS DE POETAS GALEGOS

De Rosalía Castro. †

Mais vé que o meu corazón
é unha rosa de cen follas
i-é cada folla unha pena
que vive apegada n'outra.

—

Cando vos oio tocar
campaniñas, campaniñas,
sin querer rompo a chorar.

—

Cando de lonxe vos oio
penso que por mín chamades,
e das entranas me doio.

—

Aló nas tardes serenas,
aló nas tardes caladas,

Lea vostede

O porco de pé

por Vicente Risco.

fanse mais duras as penas
que nas brandas alboradas.

—

Maio longo... Maio longo,
todo cuberto de rosas,
para algúns, telas de morte
para outros telas de bodas.

—

Maio longo, Maio longo,
fuches curto para mín,
veu contigo, miña dicha
volveu contigo a fuxir.

De F. Cabo Pastor.

Dende lonxe, dende o mar,
veñen as nubes rubindo,
queren xuntarse esta noite,
pra mañán, que ha ser domingo.

—

Non abras moza a fenestra,
gardadiña ben estás,
pois a lua está axexando
pra teus côres arroubar.

Honremos a quen nos honra protexendo ô
«Seminario de Estudos Galegos»

De Johan Viqueira. †

Baixo do branco luar
logo adormecen as flores;
antr'as folliñas repousan
os paxaros voadores.

Durme amor dos meus amores.

—

Nas ponlas dos abeneiros,
toleirón, devagariño,
vai dicindo unha cantiga,
pra te arrolar o ventiño.

Durme, durme, meu neniño.

Do Marqués de Figueroa.

Embrema de mal amor
lle chaman ô cravel, cravo
que ten de cravar o peito
se ben quere namoralo.

—

Craveliño qu'ela doume
mañanciña da Ascinsión,
cravel negro, negro cravo,
¡ai! cravoum'o corazón.

Suscríbase ô mellor

Diccionario Galego-Castelán

por Eladio Rodríguez González.

Espiñas da rosa cravan
cravos son os carabels,
sempre frol e todo espiñas
é pra os homes a muller.

De Noriega Varela.

O sol i-o mar â montaña
moito lle poden querer:
coroall'o sol a testa
e bicall'o mar os pés.

—

É de prat'a folerpiña,
d'ouro vello a frol da xesta:
ben pode rumbar o monte,
¡señor de tanta riqueza!

—

Fálame, cousa bonita,
das raioliñas da lua
qu'entran a furto na ermita!

De Victoriano Taibo.

Prendado dos seus feitizos
a unha linda rosa amei;
era rosa e tiña espinas,
nas espiñas m'espiñei.

Suscríbase a

A Nosa Terra

Idearium das Irmandades da Fala.

BANCO PASTOR

(Casa Fundada en 1776)

Capital suscrito . . . Ptas. 17.000.000

Id. desembolsado . » 11.000.000

Fondo de reserva . . » 2.500.000

Casa Central: A CRUÑA

Sucursales en:

CARBALLIÑO, CARBALLO, O FERROL, A ESTRADA, LUGO, MELIDE, MONDOÑEDO, MONFORTE, MUXÍA, NOIA, OURENSE, ORTIGUEIRA, PADRÓN, PÓBOA DO CARAMIÑAL, PONTEDEUME, RIVADABIA, RIBADEO, SARRIA, TUY, VIGO, VILLALBA e VIVEIRO

Telegramas: PASTOR

Teño unha pena peniña,
teño unha peniña pena,
e quérolle porque é miña.

—

Com'as pombas, com'as flores,
inxeliñas, recendentes,
así son os bos amores.

—

Fun ao enxido da ventura
buscando a felicidá,
quixen coller unha rosa...
esfollóuseme nas máns.

—

Soliños na nosa barca,
as nosas ansias por remos
de timón, as nosas almas.

—

Ai que tristura, ai que dor,
ver segare unha roseira
cando vai a dal-a flor.

De R. Cabanillas.

Como bandadas de pombas

A millor historia do século pasado

Os Camiños da Vida

por Otero Pedrayo.

voan os meus pensamentos:
todas levan un camiño
o camiño do teu peito.

—

Tí eres o vento, eu son a folla
non soples vento ventiño
si non queres que me mova.

—

Nin me digas que son triste
nin me digas que estou ledo
risas e bágoas son tuas
eu non son mais que un espello.

—

Tí eres a neve, eu son o gromo
non caias na miña ponla
por que si me bicas morro.

—

En onde tí pos os ollos
o amor pon o seu berce
e onde tí pos as máns
nacen as rosas a feixes

—

Tí eres o lume, e eu son a leña;

non sopres vento ventiño
si non queres que me encenda.

—

A morte de aquel cariño
deixou o meu corazón
pequeniño, pequeniño.

—

Para afogar a ilusión
o mellor mar é unha bágoa.
¡Chora e esquece, corazón!

De Amado Carballo.

Como un paxariño horfo
nas máns morréusem'o día
arrechegueino ao meu peito
por ver si lle daba vida.

—

Aquil berce está valeiro
i-a naiciña anda a chorar
o neniño está no ceo
coas estrelas a brincar.

—

As campanas de Mourente,

Fagamol-a nosa Arte na nosa língua si queremos que sexa nosa

as campanas de Marcón
xogan nas nubens do ceo
pol-a festa do patrón.

—

No peito do serán tenro
cravei unha bágoa branca
e cando chegou a noite
era unha estrela de prata.

—

O vento é bon tecelán
que cos novelos das nubens
faille unha sabán ao mar.

De F. Bouza Brey.

Albas de luar as rosas
levan o sono perdido,
rapazas en desacougo
chorando amores dos lilios.

—

Ista rosa branca, branca...
co seu brancor infinito
eres tí mesma soñando
nosos amores perdidos.

O GALO

Obra póstuma de Amado Carballo

Libro-homenaxe. *3 ptas.*

¡Ben sei que eres tí chorando
nosos amores perdidos!

De Blanco Amor.

Cun mantelo de silveiras
e parolando coa brisa
tod'as mañáns domingueiras
vai a corredoira â misa.

—

Pra ver a función do abrente
que xa na outra banda brila
van as ondas ledamente
a mercar primeira fila.

—

Pol-o field do ceo mareiro
vai esbaratando, o sol,
i-o hourizonte, mal porteiro,
non pode parar o «goal».

Fin do fascículo primeiro

Todos poden conocer o noso pasado, mercando

Historia Sintética de Galicia

por R. Villar Ponte.

LEA VOSTEDE A REVISTA MENSUAL

NÓS

BOLETIN DA CULTURA GALEGA

Suscríbase a

A NOSA TERRA

Idearium das Irmandades da Fala

Redaición e Adeministración

Real, 36-1.º A Cruña.

Casas recomendadas

ÓPTICA-PARDO

Procedimentos científicos

Santiago. :-: A Cruña.

Sombreireiría

Lemus

A mais económica de Galicia

S. Andrés 74 A Cruña.

Merceiría OTERO

Artellos de labores: Novedás para dona e cabaleiro
Apresto de froles: Lâs, medias, calcetís, cravatas, cuellos e camisas

Real 58 A Cruña.

Dr. MOSTEIRO

Médico-Dentista

Praza de Lugo, 19 A Cruña.

Imprenta

"NÓS"

Executánse toda crás de traballos tipográficos.

Real, 36-1.º *A Cruña.*

Calzados SENRA

GRAN FÁBRICA

A CRUÑA

FERROL VIGO

Tintoreiría Americana

Colores inalterabres

San Agustín, 21

A CRUÑA

Urbano Losada

Médico

Fernández Latorre, 104-1.º

A CRUÑA

Libreiría e Papeleiría

de

Zoila Comunión

(Viuda de Galí)

Rúa do Vilar, 66 Santiago.

Camilo Díaz Baliño

PINTOR ESCENÓGRAFO

Hortas, 37 Santiago.